


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

23-24 de setembro do 2023

XXV ORDINARIO A



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDE DE BENVIDA

🎵 **Onda Ti noso Pai neste día**

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Na vida todos imos dando pasos, e imos tomando conciencia de que non todos os camiños son iguais, e aínda que o sexan non todos o andamos da mesma maneira. Cada un vai poñendo a súa propia historia, as súas propias forzas ou o seu propio obxectivo á hora de andalo. Cada quen vai facendo como mellor cree e pode.

O que hoxe se nos propón no evanxeo é coma se Deus nos contratase, como se el só non dera feito e nos chamara a nós para que colaboremos con el.

Deus convídanos para axudalo na tarefa da casa e do mundo. Uns fan máis e outros menos, pero coma nos di o evanxeo, Deus non se para a facer contas, o seu amor e o seu espírito repárteo a man chea, teñámolo máis merecido ou menos.

Para facelo ben todas as mans valen a pena, para facelo ben ningunha man debe ser rexeitada. A nosa fe hoxe é compartida cos pobos de Libia e Marrocos.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Vivir e sentirse cristián é saberse nas mans dun Deus que nos espera porque conta con nós. El non leva contas, El quere convidarnos a que cos nosos feitos deamos vida ao REINO. Recoñecendo as nosas comodidades rezamos confiados ao Pai para pedir o seu perdón e comprometermos para facelo mellor:*

Monitor/a

➤ Comprometémonos a tratar aos demais dunha maneira máis solidaria e comprensiva como Deus fai con nós?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

➤ Comprometémonos a vivir colaborando con todos os que se esforzan por unha sociedade máis xusta e igualitaria?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

➤ Comprometémonos a non achicar aos demais coma se Deus a nós nos debese máis que a outros?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen lugar no noso corazón e nosa vida. A todos o Señor nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Deus conta con nós e nós confiámoslle o que rebule no noso interior. Lembramos a todas as persoas que, desesperadas, andan a procura dun traballo digno. Recordamos con dor o que está pasando coa paz, e a ferida que viven en Libia e en Marrocos.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai,
ti fixeches consistir a plenitude da lei
no amor a ti e ao próximo.

Fai que cumpramos os teus mandamentos
e así poidamos chegar á vida eterna.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo,
Noso Señor. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A parábola que hoxe nos conta Xesús fálanos dos xornaleiros contratados para traballar na viña, e ven ensinarnos que para Deus todas as mans son de proveito. El non para a regatear cando as mans se ofrecen para facer o ben.*

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA ISAÍAS

Buscade o Señor mentres se deixa atopar, invocádeo mentres está cerca.

Que o malvado deixe o seu vieiro, e que o home pecador deixe os seus plans, que se volva ao Señor para que teña misericordia del, que se volva ao noso Deus que ¡tanto engrandece ao perdoar!

Pois si, os meus plans non son os vosos plans, nin os vosos vieiros son os meus vieiros -é o Señor quen fala-. ¡Canto máis altos son os ceos cá terra! Así son máis altos os meus plans cós vosos plans, e os meus vieiros do que os vosos vieiros.

Palabra do Señor

♪ nº 7 *Andarei na presenza do Señor* SALMO

(en pé) *Leccionario I A páx 254 Mt 20, 1-16 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, díxolle Xesús aos seus discípulos esta parábola:

- O Reino dos Ceos parécese a un propietario que saíu pola mañá cedo a contratar xornaleiros para a súa viña. Axustou con eles o xornal dun denario e mandounos á súa viña.

Saíu outra vez á media mañá e atopou outros sen traballo na praza. E díxolles:

- Ide vós tamén á miña viña, e dareivos o xusto.

Eles foron. De novo saíu polo mediodía, e pola tarde, facendo o mesmo. Pero aínda volveu saír á tardiña, e atopando outros parados na rúa, díxolles:

- Pero, que facedes aquí, todo o día sen traballar?

Eles responderon: - É que ninguén nos contratou.

El díxolles entón: - Ide vós tamén á miña viña.

Anoitecendo xa, díxolle o dono da viña ao administrador:

- Chama os xornaleiros e págalle o xornal: empézasme polos últimos e acabas polos primeiros.

Chegan os da derradeira hora e dálles un denario a cada un. Cando chegaron os primeiros coidaron que lles darían máis, pero tamén recibiron cadanseu denario. Ao recibilo, murmuraban contra o propietario:

- Eses, os derradeiros, traballaron unha hora só e trátalos igual ca nós, que aturamos o peso e a caloraza do día.

Pero el replicoulle a un deles:

- Amigo, non che fago ningunha inxustiza. Non axustamos un denario? Pois colle o teu, e vaite. E logo, se quero darlle ao último igual ca a ti, non teño dereito a facer o que quero co que é meu? Ou é que ti ves con mal ollo que eu sexa bo?

Así, dese mesmo xeito, os últimos serán os primeiros.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



TODAS AS MANS SON NECESARIAS,
TODAS AS MANS VALEN A PENA



(en pé) **PROFESIÓN DA FE**
Celebrante Neste encontro parroquial, queremos dicirlle a Deus que pode contar con nós. A resposta dámoslla no credo que agora compartimos:
♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Crede en Deus Pai e Nai, que nos creou á súa imaxe enchéndonos de amor, e que pon nas nosas mans o coidado da terra?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesús, que nos convida a ser vida para os demais, que nos alenta a camiñar sen medos e sendo coherentes co evanxeo?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito de Deus, que se fai realidade no noso corazón e que nos alenta a colaborar construíndo un mundo máis xusto e no que todos conten?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na igrexa, comunidade que necesita das nosas mans, dos nosos traballos, das nosas loitas polos máis desfavorecidos, para sermos Igrexa de verdade?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos pola fe, hoxe queremos rezar cos homes e mulleres que non atopan quen lles dea unha man. Rezamos tamén cos pobos de Libia e Marrocos. Facémolo dicindo:*

Señor, podes contar con nós

Monitor/a:

- ✓ Para que todas as persoas que formamos a igrexa, coa nosa verdade no corazón e nos feitos, colaborem para facer unha sociedade máis xusta e feliz, oremos
- ✓ Para que todos os que están no paro poidan chegar a ter traballo digno e unha vida máis solidaria, oremos
- ✓ Para que todos os que traballan ao xornal ou en traballos humildes e pouco valorados, sexan tratados, polo menos, con xustiza, oremos
- ✓ Para que se traballe por un reparto mellor da riqueza no mundo, e os pobos de Libia e Marrocos poidan erguer a cabeza con dignidade, oremos
- ✓ Para que as persoas que teñen a responsabilidade de gobernar, non pechen os ollos ante as situacións inxustas que hai hoxe no mercado laboral, oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe acolles as nosas preocupacións e desexos axudándonos a vivir na responsabilidade de facer vivo o evanxeo. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Entremos no corazón do Deus que é Pai á nosa beira, aínda que sexa en momentos tan duros coma os que agora viven en Marrocos e Libia. Rezando coa oración de Xesús digámoslle, convencidos, que pode contar coas nosas mans:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *Sen dignidade non hai paz. Esquezamos todo aquilo que leva a aproveitarnos dos demais. Poñamos en valor todas e cada unha desas mans que nos fan a vida máis digna. Poñamos tamén as nosas mans para a procura dunha humanidade en paz.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa compartida do Señor lémbra-nos que os camiños de Deus son de misericordia, solidariedade, perdón, paz, compromiso ...*

Nesta andaina estamos agora convidados a coller forzas compartindo este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 n° 50 *Na tardiña baixa da vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, dámosche as grazas porque hoxe, como parroquia, podemos compartir a nosa fe.

Sostenenos sempre coa túa axuda bondadosa, para que se faga realidade na nosa vida a salvación que celebramos no evanxeo de Xesús, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén.

Xesús, á nosa beira, espera que deamos exemplo del nas palabras que non calan á hora de loitar polos esquecidos

e, á nosa beira, espera que deamos exemplo del no traballo de cada día.

Que a celebración que agora rematamos nos dea azos para vivir procurando dignidade e xustiza en todos os traballos e con todos os traballadores, como nos recordou a parábola do evanxeo de hoxe.

Avísase das misas (ver folia do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

Podémonos ir en paz



*“Sempre se chega a tempo
se se achega para dar unha man”*

Ensinanza de Xesús no evanxeo de hoxe